

PRAIA, MONTAÑA OU PLUMA?

Recargando baterías

07.08.2010 Mentres prepara catro novos libros, Yolanda Castaño xa pensa na escapada que fará nos próximos meses

ADRIÁN GONDAR . SANTIAGO

O traballo e o lecer no verán non están enfrontados para Yolanda Castaño. Entre a preparación dos seus novos proxectos -catro, nin máis nin menos- sempre atopa un tempo para ler poesía na praia ou ve-la familia e os amigos, nesta época das que destaca a súa tranquilidade e o relax.

Verán de pracer ou de traballo?

Compatibilizo o traballo con certo relax, de forma que aproveito as mañás para traballar e tomo as tardes con máis calma, para ir á praia, ve-los amigos e a familia... Teño plans de facer algunha escapada de lecer porque nunca me perdoo unha ó ano, pero esta vez deixareina máis para adiante, para o outono.

Ten algún proxecto en mente para a próxima temporada?

De feito para o que estou aproveitando o verán, xa que sempre é unha época máis tranquila e con menos actividades e compromisos, é para traballar en catro proxectos diferentes que se van resolver en formato libro.

Que lle gusta máis do verán?

Obviamente o poder desfrutar do exterior, do aire libre.

Para vostede o verán ten algo de especial ou é unha estación coma as demais?

O verán ten moitas cousas especiais, como que é unha época moito máis relaxada. Mentres case todo o mundo está fóra, sobre todo neste mes de agosto en profesións coma o funcionariado, eu aproveito para traballar con moito máis vagar e tranquilidade.

Entre tomar cañas nunha terraza ou un volta e volta deitado na praia, que escollería?

Un combinado das dúas cousas, empezando pola segunda e seguindo pola primeira.

Con que pasa o verán: cun libro, co iPod, un DVD...?

Estouno pasando sobre todo con libros de poesía, xa que son bastante cómodos para ler mesmo na praia. Acabo de ler *Autoría*, que é un libro en castelán de poesía moza da madrileña Julieta Valero.

A literatura para un escritor é ó mesmo tempo profesión e hobby?

Si, no sentido de que amámo-lo noso traballo e, polo menos eu, atópoo o traballo máis fermoso do mundo.

O escritor sempre ten un libro baixo o brazo?

Case sempre, pode ser en formato libro ou outro tipo de formato, pero case sempre andamos con textos na cabeza e tamén debaixo do brazo.

Cando un está de vacacións adoitan vir á mente boas ideas para un vindeiro traballo?

Pois precisamente ese maior relax faiche máis receptivo a certas ideas, suxestións e inspiración, así que, por que non?

Se puidese escoller calquera persoa, con quen lle gustaría compartir un espazo virtual?

É unha pregunta difícil. Se puidese escoller calquera persoa dos lugares e dos tempos, iría a unha terraza con Rosalía de Castro.

Como é o primeiro día de escritura trala tempada de vacacións? Custa arrincar?

Non, porque se chega con moitos estímulos na cabeza, moita inspiración e de feito enerxías e baterías recargadas e renovadas.

O PERFIL

Nome: Yolanda Castaño Pereira

Lugar de nacemento: Santiago

Ano de nacemento: 1977

Obras: *Elevar as pálpebras* (1995), *Delicia* (1998), *Vivimos no ciclo das erofanías* (1998), *Profundidade de campo* (2007)...

Premios: Fermín Bouza Brey 1994 por *Elevar as pálpebras*, Premio de Poesía Espiral Maior 2007 por *Profundidade de campo*...

GABRIEL TIZÓN